



Concello de Vigo

**D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 08 de xullo de 2021**, adoptou o seguinte acordo:

**2.- PROPOSTA DE CONCESIÓN/DENEGACIÓN DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS ANO 2021. EXPTE. 212099/301.**

Visto o informe xurídico do 29/06/2021 e o informe de fiscalización de data 30/06/2021, dáse conta do informe-proposta do 29/06/2021, asinado pola xefe do servizo de Benestar Social, polo xefe de área de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Política de Benestar social, que di o seguinte:

**I. INFORME**

Tramitado o correspondente expediente de subvencións a asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2021, resultan os seguintes feitos:

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05.03.2021 aprobáronse as bases e a convocatoria de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais (BOP nº 53, do 18.03.2021 e extracto no BOP nº 56, do 24.03.2021).

I.2. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, a instrutora do expediente, co informe da Comisión de avaliación de data 27.05.2021, formula proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, achegando a Acta da citada Comisión na que se detalla a proposta de concesión e denegación de subvencións reseñando, de ser o caso, o concepto e o importe das mesmas.

I.3. Existe crédito adecuado e suficiente na aplicación nº 2310.489.00.00 ("*Subvencións a asociacións, entidades, etc. de carácter social*") do vixente orzamento de gastos, por un total de 70.000,00 €.

I.4. O reparto do crédito dispoñible establécese en función da puntuación obtida ao valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes.

I.5. O importe exacto a conceder ascende a **69.705,58€**, unha vez minorada a diferenza existente entre a contía que lle correspondería segundo os puntos acadados e o importe solicitado polas entidades: ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER, FEDERACIÓN COGAMI PONTEVEDRA, FADEMGALICIA PLENA INCLUSIÓN GALICIA, ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO, ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES, ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A UNIÓN DE MATAMÁ.

I.6. As entidades solicitantes presentaron declaración responsable no Servizo de Benestar social de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:39	Páxina 1 de 6
SUBVENCIONS	CSV: A3AF59-B7AE82-21C54C-DU9AXN-8PTNKV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Social. Esta declaración substitúe á presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas están destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social, utilizándose, polo tanto, a simplificación na acreditación, segundo establecen o Art. 31.7 i) da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os Arts. 24.4 e 7 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.7. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento a cantidade de 69.705,58€ en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2021, segundo o seguinte desglose:

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACIÓN OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO
22	216642/301	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	PROXIMIDAD LOCAL	36	2,762.28
12	216134/301	ASOC ACCION SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	DARNOS: AXUDA A PERSOAS MAIORES EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	33	2,532.09
17	216405/301	FUNDACION ALDABA	ACTIVÁMONOS II	32	2,455.36
3	215486/301	FUNDACIÒ ISIDRE ESTEVE	Centro Ponte de Vigo	30	2,301.90
38	216868/301	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	FACILITANDO O ACCESO A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	29	2,000.00
41	216888/301	FUNDACION DE LA SANTA CRUZ FUNDACION CANONICA	PROYECTO DE ACOMPAÑAMIENTO SOCIAL 2021 – SOMOS PERSONAS ACOMPAÑANDO A PERSONAS	29	2,225.17
1	215348/301	ASOCIACION XARUMA	NATURALMENTE	28	2,148.44
27	216728/301	FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA	Servizos de emprego específicos para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento da provincia de Pontevedra	28	1,550.00
28	216732/301	FUNDACIÓN AMIGÓ	ATENCIÓN PSICOLÓGICA DEL PROYECTO CONVIVIENDO VIGO	28	2,148.44
21	216641/301	FUNDACION JUAN SOÑADOR	PROXECTO SOCIOEDUCATIVO NA RÚA VIGO	27	2,071.71





# Concello de Vigo

10	216058/301	ALENTO-ASOCIACION DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	Proxecto de Benestar físico a usuari@s afectados de dano cerebral adquirido	26	1,994.98
13	216213/301	ASOC NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION ANHIDA	APOIO ESCOLAR E PSICOLOXIA PARA NENOS E NENAS CON TDAH	26	1,994.98
14	216276/301	DOWN VIGO ASOC PARA EL SINDROME DE DOWN	"MOVE O TEU CORPO CON XEITO" OBRADOIRO DE PSICOMOTRICIDADE	26	1,994.98
7	215672/301	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	PROGRAMA DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL DO DOENTE LARINGECTOMIZADO	25	1,753.80
20	216572/301	FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA	FISIOTERAPIA PARA A MELLORA DA PSICOMOTRIDADE. PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2021	25	1,650.00
23	216643/301	ASOC GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA	"DESAFIANDO REALIDADES"	24	1,841.52
4	215488/301	FUNDACIÓN AMEDIS	PROGRAMA TIC 2021	23	1,764.79
6	215606/301	ASOC VIGUESA DE ALCOHOLOGIA ASVIDAL	PROGRAMA DE CARACTER SOCIEDUCATIVO PARA CAPACITACION SOCIOLABORAL	23	1,764.79
11	216112/301	BICOS DE PAPEL ASOC AXUDA NENOS ONCOLOXICOS HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO	PROXECTO DE MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DOS NENOS/AS CON DIAGNOSTICO DE PATOLOXIAS ONCOHEMATOLOXICAS E AS SUAS UNIDADES FAMILIARES	23	1,764.79
8	215988/301	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	"VIVE DEPORTIVAMENTE" ANO 2021, CONTINUIDADE E CONSOLIDACIÓN	22	1,688.06
25	216724/301	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALIC	PROXECTO DE PREVENCIÓN DO DETERIORO COGNITIVO E DA SOIDADE NON DESEXADA: "CULTIVA A MENTE EN REDE"	22	1,688.06
29	216738/301	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	Programa Integral de Información e Atención Sociofamiliar a Coidadores, Familiares e Persoas con Enfermidade Mental	22	1,688.06
30	216739/301	ASOCIACION DIGNIDAD GALICIA	HABILIDADES PARA A INSERCIÓN	22	1,688.06
5	215552/301	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	PROGRAMA DE OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICION DE HABITOS FISICO-PSIQUICO SAUDABLES	21	1,611.33



32	216741/301	ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO	PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, PARTICIPACIÓN E CONVIVENCIA PARA A MELLORA DA CALIDADE DA ACTUACIÓN PARENTAL E A VIDA FAMILIAR: PROGRAMA AXENDA FAMILIA 2021	21	1,542.00
46	216904/301	ASOC CULTURAL GALLEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	SMART VIGO SENIORS II	21	1,611.33
18	216529/301	ASOC GALLEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS	Servicio de apoio e asesoramento ás familias con fillos e fillas en risco de exclusión	20	1,534.60
24	216719/301	ASOCIACION DOA SAUDE MENTAL	O TAI CHI NA REHABILITACIÓN PSICOMOTRIZ EN PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL 2021	20	1,534.60
35	216777/301	ASOCIACION VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	"EM casa Fisioterapia"	20	1,534.60
43	216901/301	APAMP ASOCIACION DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	SEDIF-SERVICIO DE INFORMACIÓN E FORMACIÓN A PERSOAS CON P.C. E FAMILIAS	20	1,534.60
2	215398/301	ASOC PARKINSON DE VIGO	PARKINSON CANTA	19	1,457.87
16	216372/301	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	VIVIR EN ACTIVO	19	1,457.87
34	216776/301	ASOCIACION ASPANAEX	PROMOVER OBRADOIROS ALTERNATIVOS QUE MELLOREN OS EFECTOS CO COVID DEIXOU NAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL	19	1,457.87
42	216899/301	ASOCIACIÓN DA TERCEIRA IDADE "NEVOX"	NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DIXITALMENTE	19	1,457.87
37	216842/301	ASOC GALLEGA DE HEMOFILIA	ESCOLAS DE APRENDIZAXE PARA FAMILIAS DE NENOS CON HEMOFILIA DO CONCELLO DE VIGO	18	1,381.14
9	216035/301	FUNDACION ERGUETE-INTEGRACION	PROXECTO VERBAS	17	1,304.41
15	216279/301	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	PICO E CUDA EN BEADE 2021	17	1,304.41
19	216530/301	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	TALLER TEATRO PARA MAIORES	17	1,304.41



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:39	Páxina 4 de 6
SUBVENCIONS	CSV: A3AF59-B7AE82-21C54C-DU9AXN-8PTNKV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

31	216740/301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA	Polo mesmo camiño: Programa de apoio psicosocial para persoas diagnosticadas de cancro de mama e xinecolóxico e os seus familiares no Concello de Vigo	17	1,304.41
39	216869/301	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A UNIÓN DE MATAMÁ	TRABALLANDO COS NOSOS MAIORES NA NOVA REALIDADE	15	900.00

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvención ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 05.03.2021

NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACIÓN OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA AYUVI	FAMILIA. EQUIPO GANADOR	13	BASE 3.4
FUNDACION INGADA	APOIO A INFANCIA	3	BASE 3.4
ASDIM-CC ASDIM-CC	PROGRAMA DE ACTUACIONES ENCAMINADAS A RESOLVER LOS CONFLICTOS INTRAFAMILIARES Y MINIMIZAR SU IMPACTO EN LOS MENORES	0	BASE 3.3/ BASE 3.8
ASOCIACIÓN PARA LA PROMOCION DE LA SALUD AMAINA	GRUPO DE AUTOAPOIO PARA FAMILIARES DE PERSOAS CON PROBLEMAS DE ADICCIÓN	0	BASE 3.3/ BASE 3.8
CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	MERCANTILANDIA 2021-22	0	BASE 3.2
"ANEDIA" ASOCIACIÓN DE NENOS Y NENAS CON DIABETE DE GALICIA	SOMOS TIPO 1 VIGO	3	BASE 3.4
ASOCIACIÓN DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	+ CIENCIA EN FAMILIA	0	BASE 3.2

TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

### Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:39	Páxina 5 de 6
SUBVENCIONS	CSV: A3AF59-B7AE82-21C54C-DU9AXN-8PTNKV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CCA/rs

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:39	Páxina 6 de 6
SUBVENCIONS	CSV: A3AF59-B7AE82-21C54C-DU9AXN-8PTNKV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		